

CIG-SAÚDE esixe o cumprimento do pacto de selección temporal do SERGAS

Cando se iniciou o estado de alarma **no mes de marzo**, o Sergas emitiu a instrución 4/2020 sobre medidas en materia de persoal como consecuencia do COVID-19. Dita instrución facilitaba unha serie de medidas excepcionais para poder dispoñer de aspirantes, e que as distintas xerencias poderían aplicar en función da realidade existente en cada área ou distrito.

Como CIG-Saúde non nos opuxemos posto que eran medidas excepcionais e urxentes para unha situación extraordinaria e nunca vivida.

Posteriormente, **no mes de abril**, dende a Consellería de Sanidade ordenouse aos centros a **renovación de todas as acumulacións de tarefas durante o mes de maio** porque o Ministerio de Sanidade lles esixía manter aos mesmos efectivos por continuidade asistencial, para poder pasar á fase 1 de desescalada.

CIG-Saúde transmitiulle no día de hoxe ao SERGAS que o que se tiña que indicar, era que se mantivese o mesmo nº de reforzos de COVID-19, **pero terían que ofrecerse** ás persoas aspirantes das listas de selección temporal **que lles correspondese pola súa orde de prelación nas listas, persoas con experiencia suficiente para atender con solvencia nas unidades COVID** e que manterían igualmente a continuidade asistencial.

A maiores **denunciamos** que existen categorías nas que xa non hai indispoñibilidade, pero **as xerencias non queren volver á normalidade de ter que aplicar o pacto de selección temporal**, amparándose en que non teñen unha instrución que revogue esas medidas.

Desde **CIG-Saúde esiximos que se respecten os acordos e pactos asinados**, e no momento actual de entrada nas fases de desescalamento se remate dunha vez coas excepcións.

Esiximos que a partir de agora **se realicen os chamamentos de vinculacións temporais de conformidade co Pacto de selección temporal vixente**. Naquelas categorías onde exista indispoñibilidade, esiximos que se acorde nas comisións periféricas que medidas excepcionais aplicar á hora de realizar os chamamentos, pero en todo o demais se respectarán as normas do pacto de selección temporal.

Dado que á volta do verán se prevé un posible repunte da pandemia polo COVID, solicitamos que á maior brevidade posible **se convoque á Comisión central de seguimento do pacto de selección temporal**, para acordar con tempo as medidas excepcionais que se poderán tomar chegado o momento. Non queremos volver á improvisación e á falta de transparencia que se impuxo ata o de agora.

Esiximos a convocatoria da Comisión central de seguimento do pacto de selección temporal para rematar coa excepcionalidade